



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 30 de xuño de 2023



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 30 DE XUÑO DE 2023

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 6/2023, do 26 de maio.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 20 de maio de 2023 ata o 23 de xuño de 2023.

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

3. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Real Academia Galega de Ciencias para cofinanciar o Curso: "A intelixencia artificial. A electricidade do século XXI?" e aprobación do correspondente convenio.
4. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Real Academia Galega para cofinanciar o "Programa de actos culturais do ano 2023" e aprobación do correspondente convenio.
5. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidade da Coruña para cofinanciar a "Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2023" e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

Comisión de Benestar Social e Educación

6. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para Financiar o reparto de alimentos na zona sur da provincia da Coruña, ano 2023 e do correspondente convenio.
7. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Culleredo para cofinanciar o Mantemento xeral e reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional "A Escada" no ano 2023 e do correspondente convenio.

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

8. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Síndrome de Down Teima Ferrol para financiar o proxecto "Sostibilidade do Servizo de Formación Sociolaboral e Emprego de TEIMA DOWN FERROL"

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

9. Aprobación da segunda e última prórroga do contrato de servizos de mantemento das licenzas de uso das aplicacións SILCALWIN, FIRMADOC,GPA e AYTOSFACTUR@ da Deputación Provincial da Coruña.

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

10. Aprobación do proxecto da obra Terminación obra mellora da seguridade viaria na DP



4901 San.Ramón á estrada As Somozas (punto quilométrico 1+000 ao 1+780) (Moeche).

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

11. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da capa de rodaxe nos Chaos e acondicionamento da parcela da Madalena", do Concello de Cabanas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0126.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

12. Aprobación do segundo proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de vial en Pontepequena na parroquia de Coristanco", do Concello de Coristanco incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0160.0

13. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación escola unitaria Braño (O Freixo) e outros", do Concello de Outes, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0423.0

14. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Parque infantil en rúa Vila de Rianxo", do Concello de Padrón incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2100.0041.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

15. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a maio de 2023.

16. Dación de conta da remisión ao Tribunal de Contas das subvencións aos grupos políticos provinciais nos exercicios económicos 2020,2021 e 2022.

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

17. Aprobación da prórroga e vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames para financiar o proxecto "AMES AV LAB LABORATORIO PARA O IMPULSO DA NOVA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL DENDE O CONCELLO DE AMES", dentro do Plan de Emprego Local.

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 30 de xuño de 2023.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 30 de xuño de 2023, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial.

Deputados/as

Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP
Dona Teresa Villaverde Pais	PP

O Sr. Taboada Vigo entra comezada a sesión, no punto número 5.

Actúa como secretario accidental: don Miguel Iglesias Martínez, oficial maior da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o viceinterventor xeral, don José María Pérez Alvariño.

Aberto o acto ás 12:07 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 6/2023, do 26 de maio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 6/2023, do 26 de maio.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 20 de maio de 2023 ata o 23 de xuño de 2023.

Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Presidencia desde o 20 de maio de 2023 ata o 23 de xuño de 2023.

3.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Real Academia Galega de Ciencias para cofinanciar o curso "A intelixencia artificial. A electricidade do século XXI?" e aprobación do correspondente convenio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de **16.000,00 €**, á Real Academia Galega de Ciencias, para cofinanciar o *Curso: "A intelixencia artificial. A electricidade do século XXI?"*, cun orzamento subvencionado de 20.000,00 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Deputado de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 9 de xuño de 2023.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.



“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias para financiar o Curso: *A intelixencia artificial. A electricidade do século XXI?*”.

Na Coruña, a

REUNIDOS

D/Dna. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. _____, en nome e representación da Real Academia Galega de Ciencias.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Real Academia Galega de Ciencias é unha corporación científica de dereito público, tal como ven definido no artigo 1 dos seus estatutos, creada por RD 1218/1977 do 23 de abril.

Esta circunstancia refórzase tamén polas disposicións do Decreto 392/2003, do 23 de outubro da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia que *“en atención á importante labor que no fomento da cultura e da investigación realizan as Academias”* regula as competencias da Comunidade Autónoma en materia de Academias de Galicia.

No dito decreto *“se procede á definición destes institutos xurídicos como corporacións de dereito público que teñen como finalidade primordial o fomento, a investigación e o desenvolvemento das ciencias, das artes, das letras e da cultura, en xeral. Esta natureza pública venlles dada como órganos que son asesores da Administración nos termos establecidos en cada caso pola normativa vixente.”*

2.- De conformidade co capítulo 2 dos Estatutos, son finalidades da Real Academia Galega de Ciencias, entre outros:

- Fomentar a investigación, o estudo e a divulgación das Ciencias e das súas aplicacións e a incorporación do coñecemento científico á sociedade como coadyuvante do desenvolvemento socio-económico,

- Elaborar informes, estudos ou dictames sobre as materias científicas que lle son propias.

- Fomentar as relacións con outras institucións en áreas de interese común.

- Achegar á sociedade en xeral, a través dos distintos medios de comunicación, información e opinión documentada e contrastada sobre cuestións de índole científica que sexan de conveniente difusión.

3.- De conformidade cos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, é competencia propia das deputacións o fomento dos intereses peculiares da provincia e a organización de actividades que teñan por obxecto o fomento en materia de



educación e cultura.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Real Academia Galega de Ciencias**, con CIF: Q1568010A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Curso: A intelixencia artificial. A electricidade do século XXI?*, co seguinte programa:

Seminario 1. Intelixencia Artificial: do laboratorio á sociedade

Día 19 de xuño de 2023

Sede da Confederación de Empresarios de Galicia Santiago de Compostela

* 17:00 Presentación do curso.- Valentín González Formoso, Presidente da Deputación da Coruña; Juan Lema Rodicio, Presidente da RAGC; Senén Barro Ameneiro, Académico Numerario da RAGC e director do CiTIUS, Coordinador do curso

* 17:15 IA: De donde vén e a onde vai?.- Ramón López de Mántaras, Profesor Adxunto Ad Honorem, Instituto de Investigación en Intelixencia Artificial (IIIA-CSIC)

* 18:00 O impacto da IA na sociedade.- Gemma Galdón Clavell, Directora de Eticas Research & Consulting

* 18:45 Pausa-café

* 19:15 IA: Da investigación ao mercado.- Natalia Rodríguez-Núñez Milara, Fundadora e CEO de Saturno Labs

20:00 Debate coa participación de todos os ponentes

20:30 Fin da xornada

Seminario 2. Intelixencia Artificial no que máis nos importa

Día 20 de xuño de 2023

Sede da Confederación de Empresarios de Galicia Santiago de Compostela

* 17:00 Presentación da xornada.- Juan Lema Rodicio, Presidente da RAGC; Senén Barro Ameneiro, Académico Numerario da RAGC e director do CiTIUS, Coordinador do curso

* 17:15 Tecnoloxías lingüísticas: o proxecto Nós.- Pablo Gamallo Otero, Profesor titular da Área de Lingüística Xeral, Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS), USC

* 18:00 IA e saúde.- María José Carreira Nouche, Profesora titular da Área de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial, Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS), USC

* 18:45 Pausa-café

* 19:15 IA e emprego.- Luis Alberto Otero González, Catedrático da Área de Economía Financeira e Contabilidade, USC

20:00 Debate coa participación de todos os poñentes

20:30 Fin da xornada

Seminario 3. Intelixencia Artificial na industria

Día 21 de xuño de 2023



Campus de Ferrol. Universidade da Coruña Ferrol

* 17:00 Presentación da xornada.- Juan Lema Rodicio, Presidente da RAGC; Senén Barro Ameneiro, Académico Numerario da RAGC e director do CiTIUS, Coordinador do curso

* 17:15 Robótica e Automatización intelixente.- Ricardo J. Duro Fernández, Catedrático do Dpto. de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información, UDC

* 18:00 Transformación intelixente da industria.- Cristina Abad Salinas, Directora de Negocio de Sistemas, Navantia S.A.

* 18:45 Pausa-café

* 19:15 Estratexia galega de IA: Impulso á IA nas empresas.- Julián Cerviño Iglesias, Director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), Xunta de Galicia

* 20:00 Debate coa participación de todos os ponentes

* 20:30 Fin da xornada

Seminario 4. Intelixencia Artificial fiable e sostible

Día 22 de xuño de 2023

Kiosko Alfonso A Coruña

* 17:00 Presentación da xornada.- Juan Lema Rodicio, Presidente da RAGC; Senén Barro Ameneiro, Académico Numerario da RAGC e director do CiTIUS, Coordinador do curso

* 17:15 IA verde.- Verónica Bolón Canedo, Profesora titular da Área de Computación e Intelixencia Artificial, UDC

* 18:00 Regulación Europea da IA.- Mar España Martí. Directora da Agencia Española de Protección de Datos (AEPD)

* 18:45 Pausa-café

* 19:15 Agencia Estatal de Supervisión de IA (AESIA).- Dirección da AESIA (pendente de nomear); Secretaria de Estado de Digitalización e IA

* 20:00 Debate coa participación de todos os ponentes

* 20:30 Fin da xornada

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega de Ciencias desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Conferencias: 250 € x 12	3.000,00
Coordinación: 850 € x 1	850,00
Transmisión telemática: 650 € x 4	2.600,00
Organización: 5.550 € x 1	5.550,00
Deseños imprenta: 2.500 € x 1	2.500,00
Difusión: 2.500 € x 1	2.500,00
Desprazamento e estadía de relatores e coordinador: 750 € x 4	3.000,00

Total gastos:20.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **16.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %.



A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega de Ciencias obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega de Ciencias.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Real Academia Galega de Ciencias, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega de Ciencias deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega de Ciencias.



VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega de Ciencias unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Real Academia Galega de Ciencias, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2023**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega de Ciencias deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Real Academia Galega de Ciencias para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional



non eximirá á Real Academia Galega de Ciencias da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega de Ciencias na documentación aportada.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega de Ciencias deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega de Ciencias destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega de Ciencias deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega de Ciencias poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega de Ciencias queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega de Ciencias serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega de Ciencias será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2023.



2.- Previa solicitude da Real Academia Galega de Ciencias, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Real Academia Galega para cofinanciar o "Programa de actos culturais do ano 2023" e aprobación do correspondente convenio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **60.000,00 €, á Real Academia Galega para cofinanciar o *Programa de actividades culturais do ano 2023*, cun orzamento subvencionado de 75.000 €, de acordo co texto que se achega.**

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade,



igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2024 autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega para financiar o Programa de actos culturais do ano 2023.

Na Coruña, a

REUNIDOS

D/Dna. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. _____, en nome e representación da Real Academia Galega.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Real Academia Galega é unha institución científica, con personalidade xurídica propia, que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego, tal e como consta nos estatutos vixentes, aprobados por Real decreto 271/2000, do 25 de febreiro.

Esta circunstancia refórzase tamén polas disposicións do Decreto 392/2003, do 23 de outubro da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia que *“en atención á importante labor que no fomento da cultura e da investigación realizan as Academias”* regula as competencias da Comunidade Autónoma en materia de Academias de Galicia.

No dito decreto *“se procede á definición destes institutos xurídicos como corporacións de dereito público que teñen como finalidade primordial o fomento, a investigación e o desenvolvemento das ciencias, das artes, das letras e da cultura, en xeral. Esta natureza pública venlles dada como órganos que son asesores da Administración nos termos establecidos en cada caso pola normativa vixente.”*

2.- De conformidade co artigo 2 dos Estatutos, son finalidades da Real Academia Galega:

a) Establecer as normas referidas ao uso correcto da lingua galega, conforme ao disposto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización lingüística en Galicia, do Parlamento de Galicia.

b) Estudar e propoñer a restauración da onomástica galega.

c) Velar polos dereitos do idioma galego.



- d) Defender e promover o idioma galego.
- e) Asesorar aos poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social.
- f) Estudar e dar a coñecer o patrimonio literario e documental da institución.
- g) Decidir a personalidade literaria á que cada ano se lle dedica o día das letras galegas.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Real Academia Galega**, con CIF: Q1568003F, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da *Programa de actos culturais do ano 2023*, que se indica deseguido:

Actividade 1: XXXIV edición dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas. Galego sen fronteiras.

Actividade 2: Primavera das Letras 2023 dedicada a Francisco Fernández del Riego.

Actividade 3: Homenaxe a Darío Xohán Cabana.

Actividade 4: Ingreso de Lourenzo Fernández Prieto como académico numerario da Real Academia Galega.

Actividade 5: Ingreso de Kathleen March como académica de honra da Real Academia Galega.

Actividade 6: Publicacións: Inventario da biblioteca de Manuel Murguía na RAG como anexo Boletín da Real Academia Galega; publicación das Xornadas Murguía como anexo Boletín da Real Academia Galega, publicación do Boletín da Real Academia Galega, número 383, dedicado a Florencio Delgado Gurriarán e Toponimia de Muros

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Actividade 1: XXXIV edición dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas. Galego sen fronteiras

Bolsas de estudos: 45 bolsas x 400,00 € e 5 bolsas x 600,00 €	21.000,00
Conferenciantes: 200,00 € x 6	1.200,00



Docentes de nivel superior: 500,00 € x 4 e 600,00 € x 2	3.300,00
Docentes de nivel medio: 1.000,00 € x 2	2.000,00
Docentes de nivel elemental: 1.000,00 € x 2	2.000,00
Docentes de prácticas de nivel elemental e medio: 700,00 € x 4	2.800,00
Actividades culturais	900,00
Excursións	1.500,00
Gastos de desprazamento e locomoción dos colaboradores	600,00
Persoal de administración, organización, dirección	1.900,00
Gastos de papelería e similares	800,00
<i>Total actividade 1</i>	38.000,00 €

Actividade 2: Primavera das Letras 2023 dedicada a Francisco Fernández del Riego

Ilustracións para a biografía de Francisco Fernández del Riego, maquetación, debuxos para actividades interactivas, marcapáxinas, chapas, concurso "Contádenos o voso Día das Letras": deseño diplomas	2.280,00
Creación de texto literario infantil "As cousas de Don Paco"	2.000,00
Concurso "Contádenos o voso Día das Letras Galegas": premios, compra de libros	1.000,00
Concurso "Contádenos o voso Día das Letras Galegas": autobuses e gastos traslado	2.000,00
Contidos audiovisuais e divulgativos web	5.000,00
Merchandising, gastos de papelería e similares	1.000,00
Renovación dominio primaveradasletras.gal	46,57
<i>Total actividade 2</i>	13.326,57

Actividade 3: Homenaxe a Darío Xohán Cabana

Intervencións (9 persoas)	1.100,00
Actuación musical	400,00
Gastos de desprazamento	392,75
Streaming, emisión en directo	511,83
Reportaxe fotográfica	145,20
Impresión libro homenaxe	929,76
<i>Total actividade 3</i>	3.479,54

Actividade 4: Ingreso de Lourenzo Fernández Prieto como académico numerario da RAG

Impresión discurso	1.200,00
Streaming, emisión en directo	500,00
Reportaxe fotográfica	300,00
Gastos de papelería	150,00
<i>Total actividade 4</i>	2.150,00

Actividade 5: Ingreso de Kathleen March como académica de honra da RAG

Impresión discurso	800,00
Streaming, emisión en directo	500,00
Reportaxe fotográfica	300,00
Gastos de papelería	150,00
<i>Total actividade 5</i>	1.750,00

Actividade 6: Publicacións: Inventario da biblioteca de Manuel Murguía na RAG como anexo Boletín da RAG; publicación das Xornadas Murguía como anexo Boletín da RAG, publicación do Boletín número 383 da RAG dedicado a Florencio Delgado Gurriarán e Toponimia de Muros

Impresión e maquetación inventario biblioteca de Manuel Murguía na RAG	1.800,00
--	----------



Impresión e maquetación das Xornadas Murguía	1.300,00
Impresión e maquetación do Boletín número 383 da RAG	1.781,52
Traducións e revisión de textos do Boletín número 383 da RAG	92,63
Impresión e maquetación da Toponimia de Muros	1.300,00
Revisión profesional da Toponimia de Muros	400,00
Elaboración de mapas da toponimia de Muros	100,00
<i>Total actividade 6</i>	6.774,15

Gastos indirectos

Gastos correntes e de funcionamento necesarios para o desenvolvemento das actividades propostas	9.519,74
<i>Total gastos indirectos</i>	9.519,74

Total orzamento 75.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre o que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas



á Real Academia Galega, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Real Academia Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.



VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2023**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Real Academia Galega para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Real Academia Galega terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico



de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral



de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2023.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2024, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia Galega, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”



(Entra no salón o Sr. Taboada Vigo).

5.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidade da Coruña para cofinanciar a "Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2023" e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 110.000 €, á Universidade da Coruña para cofinanciar a *Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico para o ano 2023*, cun orzamento subvencionado de 137.500,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Deputado de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 13 de xuño de 2023.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

" Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da *Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2023*

Na Coruña, a

REÚNENSE

Don/a....., en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a....., en representación da Universidade da Coruña (en adiante UDC).

EXPOÑEN

Que a UDC é unha entidade de dereito público que ten atribuída por lei a prestación do



servizo público de educación superior no ámbito territorial da provincia da Coruña, e de acordo co artigo 1º dos seus Estatutos, son funcións da universidade ao servizo da sociedade:

- * A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.
- * A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico.
- * A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e da formación ao longo de toda a vida.

Que o Consello de Goberno desta Universidade, na súa sesión do 30 de marzo de 2023, aprobou a solicitude dunha subvención nominativa para o cofinanciamento entre a Deputación da Coruña e a UDC da programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2023.

Que a UDC a través da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte, ten entre as súas funcións a promoción e a difusión entre a sociedade galega das actividades culturais e do coñecemento científico desenvolvido na Universidade, polo que vén promocionando dende hai tempo actividades de divulgación científica e cultural.

Que a comunidade da UDC, nos seus campus da Coruña e de Ferrol, goza dunha vida cultural dinámica grazas a unha programación de actividades singulares de carácter anual e cuadrimestral de ampla tipoloxía. Para alén de impulsar por medio desta oferta a creación de redes de implicación e participación entre todos os membros da comunidade universitaria, un dos obxectivos fundamentais da política cultural da UDC é acadar a participación do resto da sociedade a través de diversas accións culturais e científicas chegando, na medida do posible, a toda a provincia da Coruña.

Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuir de maneira sustentable ao avance do coñecemento e ao benestar social.

Que a Deputación da Coruña e a UDC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio marco que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto fixar as bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade da Coruña co NIF Q6550005J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da **Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2023.**



O presente convenio contempla as seguintes liñas de actuación prioritarias, sen prexuízo de que ambas institucións, de mutuo acordo, contemplan outras que puidesen xurdir máis adiante.

Xornadas e premios divulgativos. Procúrase atinxir un duplo obxectivo a través destas actividades: achegar á sociedade os avances desenvolvidos desde a UDC no ámbito da investigación, así como motivar á mocidade –nomeadamente ás mozas– a realizar estudos superiores no ámbito científico.

First Lego League 2023. Trátase dun campionato que en 2023 se celebra por noveno ano no Campus Industrial de Ferrol. Nel participan varios centos de mozos e mozas de toda Galicia e pode seguirse tamén a través de YouTube. Trátase dun programa de ámbito internacional que desafia á mocidade de entre 4 e 16 anos (divididos en tres categorías) a resolver problemas do mundo real como poden ser a reciclaxe, a educación ou as enerxías renovables a través da ciencia e da tecnoloxía.

Obradoiros creativos. Os obradoiros ofertados inclúen diversos ámbitos da arte e da cultura e neste inicio de 2022 voltouse a unha impartición totalmente presencial, así como á duración habitual de 30 horas, cuestión solicitada polo alumnado nos formularios de avaliación dos obradoiros previos.

A participación nestes obradoiros permiten ao alumnado da UDC a obtención de créditos ECTS.

Obradoiros en NORMAL. Danza contemporánea, danzas urbanas, interpretación, fotografía orgánica, guión cinematográfico, creación musical e novas tecnoloxías, obradoiro de escrita literaria.

Obradoiros co Centro Cultural Universitario do Campus de Esteiro. Danza contemporánea e caligrafía e lettering.

Aulas de Teatro e Danza. A actividade das Aulas de Teatro e Danza recuperouse no inicio do ano 2022; neste ano 2023 realizarase unha nova produción teatral e unha peza de danza que serán exhibidas no FITEUC (Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña), tanto na Coruña como en Ferrol, así como tamén noutros lugares da xeografía galega no marco dos diversos festivais universitarios dependentes das universidades de Santiago de Compostela (festival de Santiago e festival de Lugo) e de Vigo (festival de Ourense e de Vigo).

Clube de Lectura. Desde o pasado mes de novembro está a desenvolverse o Clube de Lectura de NORMAL baixo a coordinación da escritora Antía Yáñez, actividade que continuará ao longo do ano 2023. No clube participan vinte persoas pertencentes tanto á comunidade universitaria como á cidadanía en xeral, que se reúnen con carácter quincenal.

Residencias artísticas. Os diversos programas de residencias artísticas teñen como finalidade apoiar a artistas ou colectivos artísticos que desexen desenvolver un proxecto de investigación e/ou creación nos ámbitos das artes visuais, danza, música etc. Estes programas pretenden ofrecer ás e aos artistas recursos materiais, técnicos e de infraestruturas para o correcto desenvolvemento dos seus proxectos, favorecendo tamén o intercambio entre artistas e disciplinas artísticas.

Residencia de creadores emerxentes “Interacción Artísticas en Galicia”. Este



programa é froito dun convenio entre a Real Academia Galega de Belas Artes, os Conservatorios Superiores de Música da Coruña e de Vigo e as tres Universidades galegas, coa colaboración da Deputación da Coruña.

A residencia desenvólvese no Pazo de Mariñán a finais do mes de xuño e este ano está organizada pola Universidade da Coruña (a organización rota anualmente entre as tres universidades galegas).

Como en cada edición, participarán unha trintena de alumnos e alumnas do ámbito dos estudos artísticos das institucións citadas que desenvolven e presentan as súas propostas como punto de partida para unha creación conxunta e global, interdisciplinaria.

No caso concreto da Universidade da Coruña, participará alumnado da escola de Arquitectura e do itinerario de artes do Mestrado de Profesorado da Facultade de Ciencias da Educación.

Estas Interaccións Artísticas teñen unha segunda parte, a parte didáctica, que se realizará en setembro na Facultade de Ciencias da Educación da UDC.

III Convocatoria do Programa de Residencias Artísticas Normal – Fundación María José Jove Tras o éxito dos anos previos, coa recepción de máis de 200 solicitudes provenientes de toda Europa e de diversos países de América, convocaremos a III edición destas residencias artísticas, mediante as cales se proporcionará ás persoas seleccionadas o acceso a un espazo de traballo, acompañamento curatorial e recursos materiais e económicos para a produción de proxectos inéditos no ámbito das artes visuais.

Esta convocatoria está aberta a creadoras e creadores de calquera nacionalidade ou procedencia xeográfica e pretende:

- Promover a investigación, a creación e a produción artística.
- Contribuír a fortalecer o contexto cultural galego, promovendo proxectos creativos de interese social vinculados á comunidade.
- Configurar contornas favorables para o desenvolvemento do pensamento crítico e da arte asociadas a aspectos como a identidade patrimonial, a ecoloxía ou o medio ambiente.
- Facilitar un achegamento horizontal aos novos modos de inserción no territorio, de lectura e interpretación do espazo paisaxístico, natural e rural contemporáneo.
- Fomentar valores de protección e difusión do patrimonio natural e cultural de Galicia, a través da arte contemporánea.

Nesta ocasión convócanse dúas residencias, en lugar dunha, nas que a través deste convenio coa Fundación María José Jove, se proporcionará ás persoas seleccionadas o acceso a un espazo de traballo, acompañamento curatorial e recursos materiais e económicos para a produción de proxectos inéditos no ámbito das artes visuais.

Exposicións. A Sala de Exposicións de Normal é un espazo de máis de quiñentos metros cadrados que ten acollido e acolle proxectos expositivos de grande interese e que dan cabida á mostra da obra de artistas emerxentes do noso ámbito xeográfico ou exposicións colectivas de diverso teor.

Neste ano 2023 están previstas dúas grandes exposicións mais é posible que antes do final do ano chegue a se realizar a montaxe dunha terceira. Todas as exposicións levan



asociadas actividades complementarias, como visitas guiadas, conferencias, talleres etc.

Derrotas: formas de pensar, curada por Natalia Poncela e coa participación de Jacobo Bugarín, Silvia García, Carme Nogueira, Vicente Blanco e Salvador Cidrás

É un proxecto expositivo situado nas interseccións entre os campos da arte e da educación que analiza paradigmas establecidos sobre as ensinanzas e as prácticas artísticas; tamén plantexa unha ollada descronolóxica á propia historia do espazo no que se insire a Sala Normal, da institución pedagóxica da Escola de Mestras de Maxisterio da Coruña que definiron o propósito deste edificio, ofrecendo unha serie de achegas analíticas desde distintos campos de actuación: a creación, a educación, a docencia e a mediación artística. .

Ante a inminencia, de Rubén Santiago e comisariada por Pablo Fanego

Esta mostra plantexa unha posibilidade de percurso múltiple, unha deriva de narrativas que se superpoñen e entrecruzan nos mapas xeográficos, históricos e subxectivos da cidade da Coruña, e que neste proceso trazan conexións non necesariamente lineais entre dous puntos: a Sala Normal e o Castelo de San Antón.

Ante a inminencia artículase por volta de catro pezas: tres realizaranse especificamente para a mostra e unha cuarta presentará unha vía de diálogo entre estes novos traballos e as liñas de investigación que Rubén Santiago vén transitando nos últimos anos.

Publicación “A Galicia deseñada”

Tras o éxito de público da exposición *A Galicia deseñada* que ocupou a sala de exposicións de Normal ata o pasado 13 de xaneiro, este ano sairá do prelo unha ampla publicación sobre os símbolos, marcas e identidades gráficas de Galicia desde a Idade Media ata a actualidade.

Coro UDC. O coro da UDC ensaia dous días á semana e participa en numerosos actos académicos, así como tamén ofrece concertos tanto dentro como fóra da universidade. O coro foi creado no ano 1990 e na actualidade está a enfocarse cara a un repertorio máis moderno e actual, o que fai que haxa moito alumnado interesado en facer parte del, nomeadamente alumnado Erasmus.

Actividades fixas e puntuais.

Letras Galegas
Roteiros singulares
Artes performativas e masterclasses
Ciclos de música

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

Compras de bens destinados á actividade	6.889,89
Reparacións e conservación	1.200,00
Contratacións externas	91.689,60
Transportes	3.400,00
Primas seguros	820,51
Publicidade, propaganda e relacións públicas	1.000,00
Soldos e salarios e Seguridad Social	27.500,00
Axudas monetarias	3.000,00
Desprazamentos	2.000,00
Total	137.500,00 €



III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **110.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a UDC que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á UDC.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/ 45390 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre o que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á UDC, asumindo, xa que logo, as conseguíntes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á UDC, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a UDC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da UDC, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.



2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UDC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á UDC unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da UDC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a UDC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á UDC para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á UDC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.



4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola UDC.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A UDC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A UDC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UDC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UDC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UDC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto



nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable,.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UDC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á UDC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2023.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da UDC, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.



XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para financiar o reparto de alimentos na zona sur da provincia da Coruña, ano 2023 e do correspondente convenio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **30.000,00 €**, á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para *Financiar o reparto de alimentos na zona sur da provincia da Coruña, ano 2023* cun orzamento subvencionado de 37.500 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a



Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para *financiar o reparto de alimentos na zona sur da provincia da Coruña, ano 2023* .

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación da Asoc. Banco de Alimentos de Santiago de Compostela

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

EXPOÑEN

1.- Que a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela é unha entidade sen ánimo de lucro, que conforme aos seus estatutos, no artigo 5, ten como fins recadar alimentos da sociedade, principalmente os de carácter excedentario como medio de solidariedade cos necesitados, almacenándoos para a súa posterior doazón, proporcionar os alimentos doados ás institucións e centros asistenciais da Provincia da Coruña que mostren necesidade e promover a participación do voluntariado que os dous primeiros fins se fagan necesarios.

2.- Os destinatarios finais son as “persoas mais necesitadas”, as persoas físicas, individuos e familias ou agrupacións cunha situación de dependencia social e financeira que estean recoñecida polas autoridades competentes.

3.- As principais actuacións da entidade perseguen os obxectivos da concienciación da sociedade nos problemas derivados da escaseza de alimentos e na falta de recursos necesarios para poder vivir unha vida digna. Para poder cumprir con estes propósitos, durante o ano desenvólvense as actividades de captación e reparto de alimentos e a promoción da sensibilización da sociedade e accións formativas cara a sociedade.

4.- Que a Deputación da Coruña é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril , art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

5.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha



subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela**, con CIF G70450820, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para Financiar o reparto de alimentos na zona sur da provincia da Coruña, ano 2023.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela.

A Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Compra de alimentos	37.500,00 €
Total	37.500,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 80,00%.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificando.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificando, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.



* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poda corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.



2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.



XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2023**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2024 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente



convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Culleredo para cofinanciar o mantemento xeral e reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional "A Escada" no ano 2023 e do correspondente convenio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 70.000,00 €, ao Concello de Culleredo para cofinanciar o *Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional "A Escada" no ano 2023*, cun orzamento subvencionado de 147.452,26 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidenta da Comisión de Benestar Social e Educación, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 7 de xuño de 2023.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no centro ocupacional "A Escada" no ano 2023*



Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Culleredo.

EXPOÑEN

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

Na lei de servizos sociais para Galicia 13/2008, art. 63 menciónanse as competencias da Deputación no apoio xurídico económico e técnico cara aos concellos, nos temas da súa competencia, sendo os programas de inserción e integración das persoas con discapacidade de competencia dos concellos, polo que está xustificando o apoio desta Deputación para levar adiante o programa de actividades do que se trata no convenio, consistente en facilitar ás persoas con diversidade funcional o acceso a actividades ocupacionais, o que supón unha actividade de integración e de mellora da calidade de vida destas.

Que o Concello de Culleredo no ámbito das súas competencias, ten un Centro ocupacional para persoas adultas con discapacidade intelectual, denominado “A Escada”.

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Culleredo, con CIF: P1503100H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no centro ocupacional “A Escada” no ano 2023.*

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Culleredo.

O Concello de Culleredo desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:



CONCEPTO		IMPORTE
Gastos de persoal	Pedagoga	53.248,15 €
	Monitora taller	32.395,15 €
	Animadora social	27.355,18 €
	Auxiliar administrativa	4.224,01 €
	Xefa de Sección de Atención especializada	8.200,77 €
Mantemento de edificio e maquinaria	Mantemento alarma e reparacións eléctricas, maquinaria taller, mantemento calefacción, contenedores hixiénicos, extintores, fontanería, pintura do centro, etc	5.100,00 €
Subministracións	Obradoiros artesanía, cociña, teléfono, vestiario, farmacia, gas, luz, etc	500,00 €
Transporte		14.100,00 €
Seguros		320,00 €
Traballos a realizar por outras empresas	- Obradoiro físico deportivo	2.009,00 €
TOTAL GASTOS		147.452,26 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **70.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 47,47 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 47,47 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201 , na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Culleredo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto



efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Culleredo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Culleredo, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as *actividades do Concello de Culleredo*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

O logotipo da Deputación Provincial da Coruña debe figurar na paxina web de inicio do Centro Ocupacional A Escada.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Culleredo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Culleredo do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2022.

* **Orzamento** da entidade para o exercicio 2023, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Culleredo,



xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Certificación** na que o Concello de Culleredo acredite que ten as autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Culleredo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Culleredo para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Culleredo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.



4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Culleredo.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Culleredo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Culleredo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Culleredo deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Culleredo poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Culleredo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o



pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Culleredo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Culleredo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2023.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Culleredo, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente



xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Síndrome de Down Teima Ferrol para financiar o proxecto "Sostibilidade do Servizo de Formación Sociolaboral e Emprego de TEIMA DOWN FERROL"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

3º.- Os obxectivos principais da asociación son:



- Facilitar a inserción laboral das persoas coa Síndrome de Down e Discapacidade intelectual en empresas ordinarias.
- Orientar e asesorar a usuarios e familias sobre a formación e o proceso de inserción laboral.
- Prospeccionar o mercado laboral e sensibilizar ás empresas de cara á inserción laboral das persoas con discapacidade intelectual.
- Acadar contratos de traballo para as persoas usuarias.
- Garantir os apoios necesarios ás persoas usuarias, ás familias e ás empresas para unha axeitada inserción laboral.
- Traballar con distintos ámbitos de actuación (persoas usuarias, familias, empresarios, contorna) e con distintas actuación a abranguen todo o necesario para conseguir o obxectivo.
- VOE (Valoración e orientación para o emprego)
- PPI (Plan Personalizado de Inserción) que lles será comunicado á familia e ao usuarios co fin de que fagan as súas achegas e alegacións.
- Formación para o emprego.
- Ofrecense sesións de Orientación Laboral nas que se establecen obxectivos en función das necesidades das persoas usuarias, desde o funcionamento do SEPE , como practicar unha entrevista de traballo ou saber interpretar unha nómina.
- Preparación de procesos selectivos para o acceso ao emprego público: información, orientación, inscrición, clases preparatorias, acompañamento aos exames, entrega de documentación etc.
- Prospección na busqueda no mercado laboral:
 - o Busqueda de empresas susceptibles de colaborar e/ou ter postos de traballo para desempeñar polas persoas usuarias do servizo.
 - o Informar ás empresas das bonificacións e subvención que podería solicitar.
- Inserción Laboral:
 - o Adestramento nos desprazamentos ao lugar de traballo e/ou utilización do transporte público se fose necesario (Autonomía urbana)
 - o Control de horarios e puntualidade.
 - o Normas de seguridade e hixiene.
 - o Outras habilidades sociolaborais pertinentes (relacións sociais axeitadas).
 - o Potenciar a interacción social do usuarios incluído na empresa cos seus compañeiros.
- Actuacións transversais
 - o Intervención familiar: orientación e implicación coas familias das persoas usuarias que contribúa ao éxito da inclusión laboral dos seus fillos.

4º.- Os destinatarios principais da labor que desenvolve a entidade pertence aos concellos de Ferrol, Narón, Fene, Mugardos, Pontedeume, Miño, As Pontes, Cariño, Cedeira, Valdoviño e Ares.

5º.- Ademais é preciso dicir que o obxecto da presente subvención e segundo se desprende da memoria presentada pola entidade relativa ao gastos da ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL consiste en facilitar a inclusión laboral das persoas coa Síndrome de Down e Discapacidade Intelectual.

6º.-A non obtención da financiación necesaria para o mantemento da entidade, o cal sinalar que non é financiable baixo convocatoria ordinaria da Deputación, por ser diferentes as accións que se desenvolven no noso servizo fronte as esixidas na convocatoria (itinerarios personalizados de emprego), suporía unha significativa perda de oportunidades de emprego para o colectivo das persoas con discapacidade, cun impacto directo e significativo nos resultados provinciais relativos ao número de contratos



asinados polas persoas con discapacidade.

Dado o elevado valor e impacto social do servizo, consideramos necesario manter e potenciar o desenvolvemento do mesmo.

7º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL CIF G15458060 A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 39.823,33 € euros, cunha porcentaxe de financiamento do 35,07303 %.

8º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/24101/481, quedando condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente.

9º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

Todo isto previo o preceptivo informe de Contratación, Secretaría Xeral e da Intervención Provincial.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto “A sostibilidade do Servizo de Formación Sociolaboral e Emprego de TEIMA DOWN FERROL”.

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o representante da Deputación da Coruña

Doutra parte o representante ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL
Na Coruña a

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL

- 1 Consideran de gran interese para a provincia a realización do congreso dado que “A sostibilidade do Servizo de Formación Sociolaboral e Emprego de TEIMA DOWN FERROL” ten como obxectivo lograr a promoción a inserción laboral das persoas con discapacidade. Un dos retos desta entidade é incentivar o acceso ao emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade.
- 2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes



CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL con CIF G15458060, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto "A sostibilidade do Servizo de Formación Sociolaboral e Emprego de TEIMA DOWN FERROL".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL (SALARIOS E SEGURIDADE SOCIAL):	104.725,45 €
Traballadora 1	30.787,56 €
Seguridade Social Traballadora1	9.821,23 €
Traballadora 2	19.387,18 €
Seguridade Social Traballadora 2	6.162,54 €
Traballadora 3	14.487,96 €
Seguridade Social Traballadora 3	4.795,51 €
Traballadora 4	14.487,96 €
Seguridade Social traballadora 4	4.795,51 €
GASTOS XERAIS:	8.818,56 €
Arrendamentos (comunidade de veciños)	601,08 €
Comunicacións (telefonía, internete, común postais)	1.375,00 €
Suministros (Auga, Luz e gas)	3.221,60 €
Contratación externa (Xestoría, protección de datos, prevención de riscos, istema contra incendios)	2.278,88 €
Primas de seguros	792,00 €
Reparación e conservación (Caldeira, elevador...)	550,00 €
TOTAL	113.544,01 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **39.823,33 €** o que representa unha porcentaxe de **35,07303%** . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **35,07303 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento



previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/24101/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se



presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre os días **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023**.
2. Unha vez rematadas as actividades, ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.



- 1 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 2 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

- 1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos



- nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
 4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2023**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo do ano 2024 sempre e cando exista crédito para tal fin**
2. A ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 30 de xuño de 2024**.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector



público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN TEIMA FERROL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ____
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da entidade
ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN
TEIMA FERROL"

9.- Aprobación da segunda e última prórroga do contrato de servizos de mantemento das licenzas de uso das aplicacións SILCALWIN, FIRMADOC,GPA e AYTOSFACTUR@ da Deputación Provincial da Coruña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º) Aprobar a SEGUNDA E ÚLTIMA PRÓRROGA do contrato de SERVICIOS DE MANTEMENTO DAS LICENZAS DE USO DAS APLICACIÓNS SICALWIN, FIRMADOC, GPA E AYTOSFACTUR@ DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, ASÍ COMO O DAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA. EXPEDIENTE PCO.001.2018.00393, durante un período comprendido entre o 27 de setembro de 2023 e o 26 de setembro de 2024, nas mesmas condicións que o contrato principal, con arranxo aos Pregos que o rexen, aprobados mediante Resolución da Presidencia número 19113 de data 03 de xuño de 2019, e que será realizada polo adxudicatario do contrato principal AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS, SOCIEDADE LIMITADA UNIPERSONAL, con CIF B41632332 e domicilio na Avenida Blas Infante, número 6, 2ª Planta, código postal 41400 Écija (Sevilla), conforme ao seguinte detalle:

1.1 Prezo TOTAL da prórroga: 220.605,83 euros (IVE incluído).

1.2 Desagregación do importe da prórroga:

Parte fixa, correspondente aos servizos de soporte e mantemento:

Servizos parte fixa	Presuposto sen IVE	IVE	Presuposto IVE incluído €
Mantemento Exclusive Deputación, Servizos centrais	42.868,87	9.002,46	51.871,33



Mantemento Exclusive de 98 Entidades Locais da provincia da Coruña	117.600,00	24.696,00	142.296,00
Mantemento Exclusive aytosFactur@	9.600,00	2.016,00	11.616,00
Presuposto anual parte fixa	170.068,87	35.714,46	205.783,33

Parte variable, correspondente a unha bolsa de horas de consultoría e/ou formación, que poderán ser presenciais ou remotas.

As xornadas presenciais terán unha duración de 8 horas. As xornadas remotas poderán ter unha duración inferior a 8 horas, en cuxo caso, ratearase o prezo en función do tempo realizado de asistencia en remoto.

O presuposto da parte variable é o máximo autorizado e non representa compromiso ningún para a Deputación, que poderá utilizalo ou non, en función das súas necesidades.

Parte variable Servizos de consultoría / formación	Presuposto unitario sen IVE	Presuposto sen IVE	IVE	Presuposto IVE incluído €
10 xornadas presenciais de 8 horas	750,00	7.500,00	1.575,00	9.075,00
10 xornadas remotas de 8 horas (80 horas)	475,00	4.750,00	997,50	5.747,50
Presuposto máximo anual		12.250,00	2.572,50	14.822,50

1.2 A imputación orzamentaria da presente prórroga efectuarase con cargo aos seguintes datos contables:

CONCEPTO	ANUALIDADE	PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	NÚMERO OPERACIÓN	IMPORTE €
Parte fixa	2023	1 trimestre/2023	0730/49121/22799 *	RC	12.967,83
			0730/49122/22799 *	220230024095	38.478,00
	2024	3 trimestres/2024	0730/49121/22799	RCP 220239000186	38.903,50
			0730/49122/22799	RCP 220239000187	115.434,00
Parte variable	2023	27/09/2023 a 26/09/2024	0730/49121/22799	RC 220230024096	14.822,50
TOTAL					220.605,83

* Utilízase o nivel de vinculación xurídica da partida.

A prórroga quedará suxeita á condición suspensiva da existencia de crédito idóneo e suficiente para financiar os deberes derivados do contrato no exercicio correspondente (2024) nas aplicacións orzamentarias: 0730/49121/22799 e 0730/49122/22799.

Así mesmo queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio de acordo coa normativa vixente no momento.

2º) Requirir ao adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que para o efecto se lle sinale, dirixíndose previamente á Tesourería Provincial para realizar o pago das taxas por formalización de contratos administrativos e advírteselle de que se non cumprise os requisitos para a celebración do contrato no prazo establecido, seguiranse os trámites e efectos previstos no artigo 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014."



10.- Aprobación do proxecto da obra Terminación obra mellora da seguridade viaria na DP 4901 San.Ramón á estrada As Somozas (punto quilométrico 1+000 ao 1+780) (Moeche).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.º.- Aprobar o Proxecto de Terminación obra mellora da seguridade viaria na DP 4901 S.Ramón a estrada As Somozas (pq 1 000 ao pq 1 780) (Moeche), código de obra 2018.1110.0016.2, cun orzamento de 101.420,86 €, que foi elaborado polo Servizo de Vías e Obras como consecuencia da resolución de contrato, aprobada previo ditame favorablemente do Consello Consultivo de Galicia, do expediente PCO.001.2021.00127 que tiña por obxecto as obras incluídas no "Proxecto actualizado de mellora da seguridade viaria na DP 4901 S.Ramón a estrada As Somozas (pq 1 000 ao pq 1 780) (Moeche)", incluído no Plan de Vías Provinciais 2018, 7.ª Fase, quedando por tanto modificado o citado Plan

2.º.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cual sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.º.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

11.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da capa de rodaxe nos Chaos e acondicionamento da parcela da Madalena" do Concello de Cabanas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0126.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:



"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da capa de rodaxe nos Chaos e acondicionamento da parcela da Madalena", do Concello de Cabanas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0126.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 2 do citado acordo plenario do 23 de xuño do 2022, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento do Concello de Cabanas cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento			Condições pendentes
			Deputación	Concello	Orzamento Total	
Cabanas	2022.2000.0126.0	Mellora da capa de rodaxe nos Chaos e acondicionamento da parcela da Madalena	35.334,29	0,00	35.334,29	- Autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia - Autorización do Servizo de Urbanismo- Costas da Xunta

Logo de ver a Resolución da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, asinada dixitalmente o 1 de setembro de 2022 polo xefe da dita demarcación, Ángel González del Río, no que a vista dos informes emitidos por Audasa e polo Inspector de Explotación da AP-9, autoriza, cunha serie de condicións, a execución das obras na zona de protección da AP-9, no punto quilométrico 24+680 F sentido crecente, consistentes na "mellora da capa de rodaxe nos Chaos"

Logo de presentar o Concello de Cabanas un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 14 de marzo de 2023 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, mantendo o mesmo importe total do orzamento de contrata, que foi aprobado por Resolución da Alcaldía do 26 de maio de 2023, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e que está aínda sen adxudicar, coa única finalidade de eliminar do proxecto a actuación número 2 contida no proxecto inicial denominada "Acondicionamento da parcela municipal da Madalena" ao non poder acreditarse totalmente a titularidade da dita parcela e substituíla pola prolongación da lonxitude da actuación número 1 "Mellora da capa de rodaxe nos Chaos"

Logo de ver os informes técnicos, asinados dixitalmente o 29 de marzo e o 30 de maio de 2023, respectivamente, polo arquitecto municipal, no que indica que para a execución



deste proxecto modificado só é necesaria a autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, que xa consta incorporada ao expediente municipal, non sendo necesaria a autorización do Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, xa que a parcela municipal da Madalena non é obxecto de actuación neste proxecto modificado e que o mesmo axústase aos condicionantes esixidos na Resolución da autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia

Logo de ver o informe técnico xurídico (Anexo VI), asinado dixitalmente o 16 de maio de 2023 polo arquitecto municipal, que indica que todas as obras previstas no proxecto técnico están proxectadas para executarse dentro dos actuais terreos integrantes do camiño municipal e pola secretaria do concello, que manifesta que ao non dispor o concello de Cabanas dun inventario de camiños, atenderase, en relación coa dispoñibilidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, ás consideracións recollidas no informe técnico

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP número 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da capa de rodaxe nos Chaos e acondicionamento da parcela da Madalena", do Concello de Cabanas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0126.0, que fora aprobado polo Pleno desta deputación de forma condicionada á obtención da autorización de Demarcación de Estradas do Estado en Galicia e do Servizo de Urbanismo-Costas da Xunta de Galicia e polo tanto aínda non está adxudicado, que se aprobou polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa única finalidade de suprimir do proxecto inicial a actuación número 2 denominada "Acondicionamento da parcela municipal da Madalena" ao non poder acreditarse totalmente a titularidade da dita parcela e substituíla pola prolongación da lonxitude da actuación número 1 "Mellora da capa de rodaxe nos Chaos", manténdose o mesmo orzamento de contrata do proxecto inicial, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

Concello	Código	Denominación	Financiamento			Condições cumpridas
			Deputación	Concello	Orzamento Total	
Cabanas	2022.2000.0126.0	Mellora da capa de rodaxe nos Chaos e acondicionamento da parcela da Madalena	35.334,29	0,00	35.334,29	- Autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia - Autorización



						do Servizo de Urbanismo-Costas da Xunta
--	--	--	--	--	--	---

2.- Aprobar definitivamente este investimento, logo de considerar cumpridas as condicións ás que fora sometido segundo o apartado 2 do acordo plenario desta deputación adoptado o 23 de xuño do 2022 que aproba o POS+2022 e, en consecuencia, levantar as condicións suspensivas ás que foi sometido, por constar no expediente a Resolución da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, asinada dixitalmente o 1 de setembro de 2022, que autoriza a actuación de "Mellora da capa de rodaxe nos Chaos", xunto co correspondente informe do arquitecto municipal no que indica que o proxecto modificado cumpre as condicións que impón a dita autorización e que non é necesaria a autorización do Servizo de Urbanismo-Costas da Xunta de Galicia ao suprimirse a actuación de "Acondicionamento da parcela municipal da Madalena".

3.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cabanas para os efectos oportunos."

12.- Aprobación do segundo proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de vial en Pontepequena na parroquia de Coristanco" do Concello de Coristanco incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0160.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de vial en Pontepequena na parroquia de Coristanco", do Concello de Coristanco, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021, co código 2021.2000.0160.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

O investimento do concello de Coristanco denominado "Mellora de vial en Pontepequena na parroquia de Coristanco" cun orzamento de contrata de 130.717,80 €, está incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021, aprobado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, de forma condicionada á acreditación da dispoñibilidade dos terreos necesarios para realizar a obra.

Posteriormente, mediante Resolución da Presidencia desta Deputación número 29154 do



21 de xuño de 2022, tómase coñecemento da aprobación polo concello de Coristanco da modificación do proxecto de obra, levántase a condición á que quedou sometida e apróbase definitivamente este investimento dentro do plan.

Logo de aprobar o Concello de Coristanco un segundo proxecto técnico modificado deste investimento co fin de adaptalo aos prezos reais de mercado, á vista de que o procedemento de licitación foi declarado deserto, aínda que o orzamento de contrata deste proxecto modificado é de 130.717,80 €, idéntico ao do proxecto inicial incluído no plan, pero que supón a eliminación de dúas actuacións correspondentes á rede de enerxía eléctrica e á rede de telecomunicacións e o incremento doutras actuacións xa previstas no proxecto.

Tendo en conta os correspondentes informes técnicos emitidos relativos á modificación deste proxecto e á vista do informe de supervisión favorable emitido o 31 de maio de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o segundo proxecto modificado do investimento denominado “Mellora de vial en Pontepequena na parroquia de Coristanco”, do Concello de Coristanco, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0160.0, asinado dixitalmente o 25 de abril de 2023, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos favorables, cun orzamento de contrata de 130.717,80 €, idéntico ao do proxecto inicial, co fin de adaptar os seus prezos á realidade actual do mercado, o que supón a eliminación de dúas actuacións correspondentes á rede de enerxía eléctrica e á rede de telecomunicacións e o incremento doutras actuacións xa previstas no proxecto da obra.

A razón desta modificación é que o procedemento de licitación da obra foi declarado deserto polo que se procedeu a realizar a revisión dos prezos do proxecto, xa que debido ao incremento dos custos de materiais derivados da pandemia do COVID-19, a execución do contrato cos prezos iniciais considerouse inviable.

Concello de Coristanco “Mellora de vial en Pontepequena na parroquia de Coristanco” Código 2021.2000.0160.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO
Deputación	128.652,56	128.652,56
Concello	2.065,24	2.065,24
Total	130.717,80	130.717,80

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Coristanco para os efectos oportunos."



13.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación escola unitaria Braño (O Freixo) e outros" do Concello de Outes, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0423.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación escola unitaria Braño (O Freixo) e outros", do Concello de Outes, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0423.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2022/40603 do 29 de setembro de 2022 pola que se aproba a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial, no que se inclúe, entre outros, o seguinte investimento do Concello de Outes cos datos que se reflicten na seguinte táboa:

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
Outes	2022.2102.0423.0	Pavimentación escola unitaria Braño (O Freixo) e outros	40.172,57	0,00	40.172,57

Logo de presentar o Concello de Outes un proxecto modificado deste investimento asinado dixitalmente o 1 de marzo de 2023 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, que foi aprobado por Decreto da Alcaldía do 8 de maio de 2023 e que está aínda sen adxudicar, coa finalidade de substituír o parcial nº 3 "Pavimentación viario en Mosteiro (O Freixo)" por un viario adxacente, denominado "Pavimentación viario en Vilariño", debido ao deterioro deste.



Logo de presentar o Concello de Outes os informes técnicos e xurídicos favorables relativos á aprobación deste proxecto modificado, así como o informe técnico (Anexo V) acreditativo de que o investimento unicamente esixe a presentación dunha declaración responsable ante Augas de Galicia, que xa consta no expediente, pois a diferenza do proxecto inicial, no que a pavimentación do viario Mosteiro (O Freixo), que agora se elimina do proxecto técnico, atopábase na zona de policía dunha drenaxe innominada, a pavimentación do viario Vilariño que o substitúe non afecta a ningún organismo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP número 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 e que lle son aplicables a esta primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación escola unitaria Braño (O Freixo) e outros", do Concello de Outes, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0423.0, que está sen adxudicar, que se aprobou polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa finalidade de substituír o parcial nº 3 "Pavimentación viario en Mosteiro (O Freixo)" por un viario adxacente, debido o deterioro deste, manténdose o mesmo orzamento de contrata do proxecto inicial e sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
Outes	2022.2102.0423.0	Pavimentación escola unitaria Braño (O Freixo) e outros	40.172,57	0,00	40.172,57

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Outes para os efectos oportunos."

14.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Parque infantil en rúa Vila de Rianxo", do Concello de Padrón incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2100.0041.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento



VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Padrón do proxecto modificado do investimento denominado "Parque infantil en rúa Vila de Rianxo", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2100.0041.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 2 do dito acordo plenario do 23 de xuño de 2022, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total	Condicións pendentes
Padrón	2022.2100.0041.0	Parque infantil en rúa Vila de Rianxo	60.767,86	0,00	60.767,86	Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Logo de ver a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, asinada dixitalmente o 16 de setembro de 2022 pola directora xeral do Patrimonio Cultural, autorizando as obras a que se refire este investimento cos condicionantes incorporados á mesma e o informe técnico asinado dixitalmente o 11 de outubro de 2022 polo arquitecto técnico municipal, no que indica que o proxecto técnico non cumpre coas condicións recollidas na resolución de autorización remitida ao concello, debendo adaptarse o proxecto ás condicións establecidas nos puntos 2.2 e 3.2 da antedita resolución

Logo de presentar o Concello de Padrón un proxecto modificado deste investimento asinado dixitalmente o 4 de maio de 2023 polo arquitecto José Isidro López Yáñez, integrante do "Estudio Técnico Gallego, S.A.", estudio que xa redactara o proxecto inicial incluído no Plan, que está aínda sen adxudicar e que foi aprobado por Decreto da Alcaldía do 5 de xuño de 2023, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa finalidade de introducir as modificacións necesarias para dar cumprimento aos condicionantes impostos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural,



sendo supervisado favorablemente este proxecto polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación

Visto o informe técnico do arquitecto técnico municipal do 26 de maio de 2023, no que indica que o proxecto modificado para este investimento cumpre coas condicións establecidas nos puntos 2.2. e 3.2 da resolución de autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se autorizan as obras deste investimento

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Parque infantil en rúa Vila de Rianxo”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2100.0041.0, que fora aprobado polo Pleno desta deputación de forma condicionada á obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e que polo tanto aínda non está adxudicado, sendo aprobado polo Concello de Padrón, previos os informes técnicos e xurídicos favorables, sen variación do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial, coa finalidade de dar cumprimento aos condicionantes impostos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na súa Resolución do 16 de setembro de 2022 pola que autoriza o investimento, sendo os seus datos os que figuran na seguinte táboa:

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total	Condición cumprida
Padrón	2022.2100.0041.0	Parque infantil en rúa Vila de Rianxo	60.767,86	0,00	60.767,86	Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

2.- Aprobar definitivamente este investimento, logo de considerar cumprida a condición á que fora sometido segundo o apartado 2 do acordo plenario desta deputación adoptado o 23 de xuño do 2022 que aproba o POS+2022, e, en consecuencia, levantar a condición suspensiva á que foi sometido.

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Padrón para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento."

15.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da



Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a maio de 2023.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña, e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento de A Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) do mes de maio de 2023.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, no mes de maio de 2023.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

16.- Dación de conta da remisión ao Tribunal de Contas das subvencións aos grupos políticos provinciais nos exercicios económicos 2020,2021 e 2022.

Dáse conta da remisión ao Tribunal de Contas das subvencións aos grupos políticos provinciais nos exercicios económicos 2020, 2021 e 2022.

17.- Aprobación da prórroga e vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames para financiar o proxecto "AMES AV LAB LABORATORIO PARA O IMPULSO DA NOVA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL DENDE O CONCELLO DE AMES" dentro do Plan de Emprego Local.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:



"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de aprobación da prórroga e vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Ames para financiar o proxecto "AMES AV LAB LABORATORIO PARA O IMPULSO DA NOVA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL DENDE O CONCELLO DE AMES", dentro do Plan de Emprego Local, propónse á Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible, a toma en consideración do seguinte acordo:

1º. Aprobar a prórroga do convenio 127/2022, de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Ames con CIF P1500200I para o financiamento do proxecto "AMES AV LAB LABORATORIO PARA O IMPULSO DA NOVA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL DENDE O CONCELLO DE AMES", cun orzamento total de 200.000,00€, e cunha aportación por parte da Deputación Provincial da Coruña de 160.000,00€ que supón unha porcentaxe de financiamento do 80%, sendo a nova data de vixencia e xustificación do convenio o 31 de outubro de 2024, e o novo prazo de execución das actividades ata o 1 de xuño de 2024.

2º. Modificar as cláusulas VII e XIII do convenio, que quedarán redactadas do seguinte xeito:

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. *As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o 1 de novembro de 2022 e o 1 de xuño de 2024.*

2. *Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ames deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.*

3. *De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ames para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ames da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.*

4. *O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ames na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Ames terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.*

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. *O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o inicio das actividades, sen*



que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro de 2024**.

2. Para o caso de que o Concello de Ames non poida ter rematadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación antes do día **31 de outubro de 2024**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder mediante resolución a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Ames perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

3º. Condicionar o presente convenio ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento."

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 12:15 horas.

